



INFORMA

SOLICITUDE DE CONVOCATORIA INMEDIATA DE MESA DE NEGOCIACIÓN PARA NEGOCIAR E ACTUALIZAR A ORDE DE HORARIO E CALENDARIO LABORAL (Orde de 18 de Xuño de 2014) OU BEN SE DICTE ORDE EXPRESA POLA DXX ONDE SE ESTABLEZA O DEREITO Ó DISFRUTE DE UN DÍA DE ASUNTOS PARTICULARES A MAIORES A CAMBIO DO FESTIVO AUTONÓMICO DO 25 DE XULLO, SÁBADO, ASÍ COMO DOS FESTIVOS LOCAIS QUE COINCIDAN EN SÁBADO.

O calendario laboral anual determinarase en función do número de horas anuais de traballo efectivo.

A Orde JUS/615/2012, de 1 de marzo, pola que se regula a duración da xornada xeral de traballo en cómputo anual e das xornadas en réxime de dedicación especial para o persoal da Administración de Xustiza, establece no seu artigo primeiro que a mesma será aplicable ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza, regulado no artigo 470 da LOPJ. O artigo segundo, apartado 3 prescribe que os órganos competentes das Comunidades Autónomas con competencias asumidas, **aprobarán anualmente** antes do 28 de febreiro de cada ano os seus calendarios laborais.

A pesares do anterior, en Galicia, a última Orde sobre horarios e calendario laboral nas oficinas da Administración de Xustiza é nada menos que a ORDE DE 18-6-2014 (DOG 27-6-2014), que a pesares de estar remendada en multitude de artigos por normativas posteriores, é a que temos. (“*Anualmente.... hai 6 anos...*”)

Dende SPJ-USO, como se pode constatar a través dos múltiples escritos presentados, levamos anos solicitando que se convoque mesa de negociación ó respecto, sen que a día de hoxe obtivésemos resposta afirmativa.

Está legalmente estipulado “o dereito a gozar de 14 festas laborais de carácter retribuído e non recuperable ao persoal sometido a xornada e horario xeral.”

Á vista do Calendario Laboral para este ano 2020, tanto o festivo autonómico de 25 de Xullo como moitos festivos locais coinciden en sábado, o que pode supoñer discriminación en horas traballadas entre compañeiros de distintos puntos xeográficos.

Ben é certo, que o artigo 18, letra f da mencionada orde que regula o noso calendario laboral, establece que “Incorporarase un día adicional de asuntos particulares por cada unha das festividades laborais de ámbito nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble pola CCAA, cando coincidan en sábado no dito ano”, e de ahí que neste ano 2020 os funcionarios de xustiza teñamos dereito a un día adicional a cambio do 15 de agosto, sábado, e que cumpre os ditos requisitos.

Máis á vista de todo o anteriormente exposto, é evidente que a nosa orde do 2014, ademais de evidentemente obsoleta, **VULNERA NORMATIVAS POSTERIORES DE**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 – Antonio 626423553 **FERROL:** Manu 678514555
LUGO: Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335
Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>



INFORMA

RANGO SUPERIOR E MAIS ACTUAIS, ASÍ COMO NORMATIVA EUROPEA Ó RESPECTO.

Polo anterior, e tendo ademais en conta as normativas de Comunidades veciñas como Asturias, onde o goberno do Principado de Asturias, en data 23 de Setembro de 2019, dictou Orde pola cal procede a compensación horaria cando un festivo, tanto de ámbito nacional, autonómico ou local coincide en sábado; e igualmente Cantabria, dende SPJ-USO consideramos que a DXX debe velar polo goce dos 14 días de festas laborais de carácter retribuído e non recuperable ao persoal sometido a xornada e horario xeral na Administración de Xustiza galega, e polo tanto, en aplicación da mencionada normativa, dende SPJ-USO SOLICITAMOS:

Que se convoque de inmediato mesa de negociación para actualizar a Orde de 18 de Xuño de 2014, procedéndose a actualizar o cadro de horario e o calendario laboral das Oficinas da Administración de Xustiza en Galicia para este ano 2020, onde se estableza que cada ano natural cando algunha das 14 festividade laborais non recuperables (o que inclúe ámbito nacional, rexional e local), coincida en sábado, terase dereito á compensación correspondente ós devanditos días.

Caso de non ser posible a inmediata convocatoria de mesa, se dicte pola DXX resolución expresa onde se estableza que os funcionarios da Xustiza galega, en 2020, temos dereito ó disfrute de un día a maiores de Asuntos Particulares a cambio da festividade do 25 de Xullo (Festivo autonómico), así como das festividade locais que coincidan en sábado, como é o caso, entre outros, dos seguintes: o 11 de xullo (sábado e festivo local en Pontevedra); o 28 de marzo (sábado e festivo local en Vigo); 11 e 18 de xullo (sábados ambos e festivos locais en Cambados) por mencionar algúns exemplos.



**SPJ-USO: Na admón. de Xustiza,
CARREIRA PROFESIONAL DENDE XA!!!**



SPJ-USO: Os teus DEREITOS, o noso TRABALLO!!!

FEITOS, non palabras!!!

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 - Antonio 626423553 **FERROL:** Manu 678514555
LUGO: Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687939335
Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>